



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA OITO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000021

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día oito de xuño de dous mil vinte e tres, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 315 de data 7 de xuño/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde en funcións, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Jessica Sabín Fernández. Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 01.06.23 .-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 01.06.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á mesma).

2º.-SOLICITUDE DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS SOBOR DA REVISIÓN DE PREZOS SOLICITADA POR SYR AMG SL ADXUDICATARIA DA OBRA REALIZADA E RECEPCIONADA CONTIDA NO PROXECTO: REPARACION DE ESTRADAS EN BECEIROS, DOMONDO, FRÁDIGAS E OUTROS

PROPOSTA: SOLICITUDE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS DA REVISION DE PREZOS:

“Obra: Reparación de estradas en Beceiros , Domondo, Frádigas e Outros (1ª Fase do POS+Adicional 2/2021)

Expte.: 2021/C003/000007

Procedemento aberto ordinario
Adxudicatario: SYR AMG, B15938780
Importe da adxudicación: 180.349,48 € (ive engadido)
Duración da obra: 6 meses
Data da sinatura do contrato: 21.04.2022
Plan SS, traballo e xestión de residuos aprobado por decreto nº 177 de 02.05.2022
Acta de comprobación de replanteo : 04.05.2022
Plan de CYE para ensaios calidade aprobado por decreto nº 353 de 11.07.2023
Certificación 1 y 2: aprobado por XGL 04.08.2022
Certificación 3 e final: XGL .08.09.2022
Acta de recepción 05.09.2022

Durante a execución da obra realízanse as diferentes peticións:

- En data 07.12.2022 co número de rexistro 202299900001846, SYR AMG S L presenta escrito no que expón:

“Que en data 19.05.2022 presentouse escrito solicitando excepcional de prezos, ao abeiro do RDL 13/2022 de 2 de marzo “medidas excepcionales en materia de revisión de prezos en los contratos públicos de obras”.

Para poder xustificar dita revisión de prezos necesitamos ter os índices dos prezos dos materiais actualizados, ao mes das certificacións da obra en cuestión.

Acontece que o INE publique os índices ao mes da última certificación, presentaremos ao Concello os cálculos xustificativos da revisión de prezos”

- En data 15.12.2022 a Xunta de Goberno Local acorda trasladar ao director de obra Miguel Angel Fernández Rivera a petición de revisión de prezos de SYR AMG SL aos efectos de que informe sobor dos índices de prezos dos materiais actualizados ao mes das certificacións de obra; cursouse notificación de dito acordo ao director de obra en data 19.12.2022 que acepta o 19.12.2022, así como a empresa SYR AMG SL tamén o 19.12.2022 que acepta o 12.12.2022.
- En data 25.04.2023 co número de rexistro 202399900000676, Jose Antonio Rodríguez, en representación da entidade SYR-AMG. presenta documento sobre revisión de prezos.
- En Xunta de Goberno Local de 18.05.2023 deuse conta do anterior escrito de SYR AMG SL e este Órgano acorda dar traslado ao director de obra para que informe sobre a documentación e dos extremos que considere convintes a revisión de prezos; notificación que se lle cursa en data 21.05.2023 (saída 20230000000872) e que acepta o 23.05.2023, remitíndolle tamén correo electrónico o 24.05.2023 co escrito de SYR AMG SL.
- En data 24.05.2023 co número de rexistro 202399900000853 o director de obra Miguel Angel Fernández Rivera presenta informe de revisión de prezos da obra en no cal se empra a ao órgano de contratación a que se acepte a proposta de revisión de prezos excepcional solicitada.
- Vista que a certificación da obra 3 e final foi aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8.09.2022 e sendo recepcionada o 05.09.2022.

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar informe sobre a procedencia da revisión de prezos e procedemento a seguir ao servizo da asistencia técnica a municipios da Deputación provincial da Coruña.

/DOCUMENTO ASINADO POLO SR ALCALDE EN FUNCÍONS/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes a sesión (4 dos seus 5 compoñentes) acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

3º.- EXPEDIENTE RESOLUCIÓN CONTRATO: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN FACHADAS E CARPINTERÍA DE CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO.-

“Expte. 2021/C003/000006 (expte contratación obra)

Expte. Resolución contrato: 2023/C008/000003

No expediente tramitado para resolución do contrato da obra sinalada no encabezamento, no que figura que tralo último acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 5.04.23, se lle deu nova audiencia a contratista e entidade avalista polo prazo de dez días naturais.

Visto que en dito prazo (21.04.23, rexistro 202399900000662), o contratista formulou escrito de alegación no que di reproduce as alegacións de 30 marzo de 2023.

Visto o informe de intervención que di:

“Conclusión: coas seguintes observacións:

- *Rematado o prazo de audiencia ás partes deberá enviarse ao órgano consultivo que proceda de presentarse alegacións.*
- *No caso de resolverse o contrato por incumprimento culpable do contratista deberaselle incautar a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada”*

Visto que consta informe do Director de obra de 24.04.23, no que di ratificarse en informe de data 22.02.23 e complementario de 15.03.23.

Visto informe de secretaría municipal de 26.04.23 coas seguintes conclusións:

“Conclusións:

- *En atención ao informe da dirección da obra de 22.02.2023, informe de intervención de 29.03.2023 e de secretaría, conforme ao disposto no presente informe cumpre desestimar as alegacións formuladas pola empresa contratista.*
- *Procede realizar proposta de resolución por incumprimento culpable do contratista por afectar a obrigas de carácter esencial que afectaron á adxudicación do contrato, execución e programación das obras, provocando impactos negativos na atención das necesidades que motivaron o inicio do expediente de licitación, así coma a perda da*

subvención concedida para a realización das obras citadas.

- *A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista que se así se acorde dará lugar en peza separada contradictoria na que se calculen os posibles danos e prexuízos que excedan do importe da garantía definitiva á súa incautación.*
- *O órgano de contratación en tanto se resolve o procedemento principal por incumprimento poda dar inicio as actuacións de nova licitación suxeita na súa adxudicación á resolución do contrato.*
- *En función do contido da proposta e o ditame do Consello Consultivo ratificando no seu caso a concorrencia de incumprimento culpable imputable ao contratista, conforme ao establecido no artigo 71 e seguintes tramitarase en peza contradictoria a incursión en prohibición para contratar pola empresa adxudicataria, extensión no tempo e alcance”.*

Visto o acordo de Xunta de Goberno Local, na sesión de 27.04.23, na que se acorda remitir ao **Órgano Consultivo de Galicia** o expediente completo relativo á pretendida resolución do contrato de obra: PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS EN FACHADAS E CARPINTERÍA DE CENTRO DE SAÚDE DE VALDOVIÑO por incumprimento polo contratista a fin de que por este órgano se emita o ditame que estime pertinente.

Visto requirimento formulado polo Consello Consultivo de Galicia mediante escrito de data 24.05.2023 no que se solicita a remisión de documentación así como completar as actuacións requeridas no citado informe, esta Alcaldía en uso das atribución conferidas por lei, PROPÓN

Primeiro.- Atender ao requirimento formulado polo Consello Consultivo de Galicia de data 24 de maio de 2023 e numero de saída 93 do Rexistro do Consello Consultivo de Galicia.

Segundo.- De conformidade ao informe da dirección de obra de 24 de abril de 2023 no que se ratifica no informe de data 22 de febreiro de 2023 e complementario de 15 de marzo de 2023, informe de intervención de 29 de marzo de 2023 e de secretaría de 7 de marzo de 2023, de 10 de abril de 2023 e 26 de abril de 2023, reiterar o pronunciamento desestimatorio ás alegacións formuladas pola empresa contratista con data 21.04.23 rexistro 202399900000662 e de 30 marzo de 2023 rexistro 202399900000540, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA.

Terceiro.- Realizar proposta de resolución por incumprimento culpable do contratista por afectar a obrigas de carácter esencial que afectaron á adxudicación do contrato, execución e programación das obras, provocando impactos negativos na atención das necesidades que motivaron o inicio do expediente de licitación, así coma a perda da subvención concedida para a realización das obras citadas., e solicitar para tal efecto ditame do Consello Consultivo de Galicia ao abeiro do establecido no artigo 191.3º.a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e do artigo 12 da Lei 3/2014, de 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, dando traslado das actuacións practicadas para tal efecto.

Cuarto.- Suspender o prazo ao que se refire o artigo 212.8º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público en atento se procede á emisión do perceptivo ditame do Consello Consultivo de Galicia conforme ao artigo 22.1º.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Quinto.- Recibido o ditame do Consello Consultivo de Galicia, e con ocasión do acordo adoptar poñendo fin ao expediente de resolución contractual, dar inicio a peza separada contradictoria na que se calculen os posibles danos e prexuízos que excedan do importe da garantía definitiva, á súa incautación, así como en función do establecido no artigo 71 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como segunda peza separada sobre a incursión en prohibición para contratar pola empresa adxudicataria, extensión no tempo e alcance.

Tolo elo sen prexuízo de que o órgano de contratación en tanto se resolve o procedemento principal por incumprimento poda dar inicio as actuacións de nova licitación suxeita na súa adxudicación á resolución do contrato para o que en primeiro lugar dirimirase as partidas que serán executadas en tanto se tramita a resolución do contrato e a nova licitación (por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído) ao abeiro do establecido no artigo 213.6º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Sexto.- Dar traslado da presente Resolución á empresa contratista, entidades avalistas e dirección de obra

/Documento asinado polo alcalde en funcións na marxe esquerda/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes a sesión (4 dos seus 5 compoñentes) acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

4º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- PROPOSTA DE RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE LICENZA DE PARCELACIÓN (EXPT. NÚM. 5/2022); ADOPTADO EN SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22.09.2022:

“En Xunta de Goberno Local de data 22.09.2022 acordase a concesión da licenza para a reorganización de lindes entre parcelas (segregación-agrupación) na C/ Gándara de Arriba nº 26 e 28, na parroquia de Valdoviño.

Apreciado erro na mesma, e a solicitude de interesado en escrito presentado o 17 de abril de 2023, o Arquitecto municipal emite informe complementario en data 1 de xuño de 2023 no que puntualiza que:

No apartado 5.2 do informe técnico asinado o 20 de setembro de 2022 **onde di:**

“...Como paso intermedio se segrega da parcela B unha porción de terreno SA-01 de 1.139 m2 para agrupar á parcela A (ver plano nº3 do proxecto)...”

Debería decir:

“...Como paso intermedio se segrega da parcela A unha porción de terreno SA-01 de 1.139 m2 para agrupar á parcela B (ver plano nº3 do proxecto)...”

De conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “*Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Proponse a Xunta de Goberno Local que proceda á emenda de dito erro, do xeito que se indica no informe complementario de data 1 de xuño de 2023, modificándose o acordo adoptado o 22.09.2022 sen que sofra ningún outro cambio; procedendo tamén trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.

En Valdoviño na data da sinatura electrónica
O Alcalde en funcións, Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, toma razón da rectificación para emendar o erro padecido.

B.- Licenza de parcelación

Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación:

“Expte 1/2023 Tedec 2023/U018/000002

- Expte. de parcelación 2023/U018/000002 (exp. 01/2023).- [REDACTED]

[REDACTED] Para licenza de parcelación de finca no lugar de As Pallotas. Parroquia de Meirás. Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de normalización de parcelas realizado polo Arquitecto Ignacio Pita Graña, achegado o 23/01/2023 e visado o 26/12/2022.
- Proxecto Modificado de normalización de parcelas realizado polo Arquitecto Ignacio Pita Graña, achegado o 04/05/2023 e visado o 03/05/2023 que substitue o anterior.

As parcelas obxecto do presente informe teñen as referencias catastrais nº. 5466910NJ6256N0001TL, 5466914NJ6256N0001KL y 5466915NJ6256N0001RL, respectivamente.

Así mesmo, correspóndense coa parcela nº. 598, do polígono nº. 4 do plano parcelario do catastro de rústica deste Concello e con terrenos excluídos da mesma.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA RESULTANTE 1	1.088,77 m ²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.088,77 m ²

			Sup. parcela Neta	1.027,37 m ²
			Sup Cesión viales	61,40 m ²
PARCELA RESULTANTE 2	1.682,26 m²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.682,26 m ²
			Sup. parcela Neta	1.673,86 m ²
			Sup Cesión viales	8,40 m ²
PARCELA RESULTANTE 3	1.181,79 m²	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.181,79 m ²
			Sup. parcela Neta	1.152,19 m ²
			Sup Cesión viales	29,60 m ²

Considerando o informe do arquitecto municipal de data 5 de xuño de 2023, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto FAVORABLE.

E visto informe xurídico da secretaria municipal de data 6 de xuño de 2023, emitido igualmente en sentido FAVORABLE.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación **no lugar As Pallotas, Parroquia de Meirás, Concello de Valdoviño** ao solicitante [REDACTED] nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 5 de xuño de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 474,34 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO ALCALDE EN FUNCIÓN DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 compoñentes) acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita na data de 06.06.2023 (expediente Tedec 2023/U018/000002).

C.- Prórroga licenza de obras.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“Nº Expediente: 34/2020

Asunto: Prórroga de Licenza

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/04/2020 polo que se concedeu a [REDACTED] licenza para as obras de contrucción de vivenda unifamiliar no Lugar de A Escola, parroquia de Villarrube

(expediente 34/2020). Outorgouse un prazo de 36 meses para a execución das mesmas, sendolle notificado o acordo ao interesado en data 5/10/2020.

Visto escrito presentado por [REDACTED] 15/05/2023, no que solicita unha prórroga da licenza para finalizar as obras de construción anteditas

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 06/06/2023 no que conclúe: *“Por todo o anteriormente exposto, e salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que subscribe este informe, infórmase a solicitude de prórroga de licenza realizada como Favorable, tendo que quedar esta condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.*

A solicitude de prórroga faise por un prazo de 12 meses e, por tanto, non supera o prazo inicialmente acordado que era de trinta e seis meses.”.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a **prórroga de licenza de obras** para a construción de vivenda unifamiliar, sita no no Lugar de A Escola, parroquia de Villarrube (expediente 34/2020). Esta prórroga se concede por un prazo de 12 meses, non superando o acordado o inicialmente acordado que era de trinta e seis meses.

Segundo.- Aprobar a **liquidación de taxas** que ascende á cantidade de 48,08 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

En Valdoviño, o 6 de xuño de 2023,
O Sr. Alcalde en funcións Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión (4 dos seus 5 compoñentes) acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde en funcións/